

CONVOCATORIA CONCURSO DE REDACCIÓN PROYECTO LIFE+ "O MONTE VIVO"

O proxecto Life+ "O Monte Vivo" está a desenvolver unha campaña de sensibilización e educación sobre a prevención dos incendios forestais, coa que aumentarán a información sobre o emprego correcto e seguro do lume, así como o coñecemento e a conciencia sobre o valor dos montes, cambiando así o comportamento dos cidadáns co fin de contribuír a unha redución do número de incendios forestais causados polo comportamento humano negligente ou intencional. O proxecto ocuparase dalgunhas das causas que están detrás da acción do home e que os estudos demostran que é a principal razón da inmensa cantidade de incendios forestais que cada ano se producen en Galicia e en Europa.

Este proxecto estano executando a Dirección Xeral de Montes (Consellería do Medio Rural e do Mar), a Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA) e a Asociación Profesional de Selvicultores (SILVANUS).

BASES

Life+ "O Monte Vivo" convoca o Concurso de redacción "O noso Monte".

O obxectivo deste Concurso é difundir entre os escolares a importancia das árbores no entorno no que vivimos e sensibilizalos sobre o monte galego, que sustenta coas súas raíces moito máis que terra e auga; sostén a nosa sociedade, cunha influencia na nosa economía e calidade de vida que chega moito máis lonxe do que protexe a súa sombra.

O concurso desenvolverase de acordo coas seguintes bases:

Convocatoria

O Concurso de debuxo LIFE+ "O MONTE VIVO" é unha acción complementaria ás xornadas de sensibilización no ámbito escolar do proxecto LIFE+ "O MONTE VIVO" executado por la Consellería do Medio Rural e do Mar, a través de la Dirección Xeral de Montes, a Asociación Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA) e a Asociación Profesional de Selvicultores (SILVANUS).

Obxectivo

O obxectivo deste concurso é potenciar o acceso dos profesores e os alumnos á páxina Web do proxecto para ser empregada como unha ferramenta nas aulas, aumentando así a conciencia sobre os impactos ambientais, sociais e económicos dos incendios forestais e aumentar a concienciación sobre a corresponsabilidade de todos os cidadáns na protección dos montes e a prevención de incendios forestais.

Participantes

Poderán participar os/as alumnos/as de todos os colexios de Galicia de entre 13 a 14 anos.

Categorías

Establécese unha única categoría para os niveles de ensinanza primaria, así como para os traballos individuais.

Forma

A redacción poderase presentar tanto en castelán coma en galego. Así mesmo admitiranse tanto traballos manuscritos como mecanizados.

Cada traballo estará realizado por un solo autor, presentarase en formato A4, e a súa extensión non poderá ser superior a 2.000 palabras

A redacción estará realizada sobre os contidos da páxina web do proxecto Life+ "O NOSO MONTE".

Os traballos que se presenten serán inéditos e non haberán obtido premio en outros certames ou concursos.

Na redacción non figurará nin o nome nin a firma do autor.

Os traballos deberán levar escritos polo dorso, con letra moi clara, os seguintes datos: Nome e apelidos, curso e centro.

As redaccións que non inclúan todos estes datos serán eliminados, así como aqueles nos que o tema non sexa o sinalado nestas bases..

Poderase presentar unha única redacción por alumno.

Presentación

Os centros deberán recompilar os traballos realizados e envialos por correo postal como último día o **21 de maio de 2012** ao seguinte enderezo:

Ref.: Concurso de redacción - LIFE+ "O MONTE VIVO"

Rúa Doutor Maceira, nº 13 baixo

15706 – Santiago de Compostela

Xurado

O xurado estará formado por un representante da Dirección Xeral de Montes, un técnico de Asefoga, un técnico de Silvanus e un periodista.

O xurado actuará colexiadamente e tomará os acordos por maioría de votos. A decisión do Xurado será inapelable.

Premios

Concederanse dous premios por provincia. O premio consistirá nun libro electrónico (en caso de non ser posible a entrega deste premio, os gañadores recibirían outro de valor similar).

As redaccións que a criterio do xurado se correspondan mellor coas mensaxes transmitidas serán publicados na páxina web do proxecto: <http://onosomonte.mediorural.xunta.es/>

Life+ "O Monte Vivo" reserva todos os dereitos de propiedade e uso das redaccións presentadas. As redaccións premiados poderán ser reproducidos libremente, sen que tal reprodución cree dereito algún. Así mesmo o proxecto reserva o dereito de engadir unha franxa ou recadro no que conste o logotipo do proxecto LIFE+ "O MONTE VIVO".

A participación no presente concurso implica a íntegra aceptación do recollido nas presentes Bases.

Máis información:

<http://onosomonte.mediorural.xunta.es/>

administracion@asefoga.org

Telf: 981 530 500